

8/838 CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E DUN CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING). APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO E SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 9 de decembro de 2011 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES

- I. Memorias técnicas redactadas polo xefe do parque móbil municipal para o arrendamento con opción de compra dun camión con cisterna de emulsión asfáltica, un camión dispensador de grava e unha motoniveladora.
- II. Informe de Intervención, do día 20 de setembro de 2011, no que se pon de manifesto, entre outros aspectos, a análise do tipo de xuros, a existencia de crédito presupostario na aplicación 92005.35800 do vixente orzamento xeral para a cantidade de 6.826,72 euros e na aplicación 92005.64800 para a cantidade de 28.029,02 euros.
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da subministración mediante lotes e a través dunha operación de leasing dun camión con cisterna de emulsión asfáltica, un camión dispensador de grava e unha motoniveladora redactado polo servizo de contratación do concello con data 18 de outubro de 2011
- IV.- Novo prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación da subministración de dous lotes (excluíndo a motoniveladora) mediante leasing dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un camión dispensador de grava redactado en data 9 de decembro.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).

- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O presente contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 da LCSP serían aqueles ‘que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmobles’. O obxecto do presente contrato é a subministración mediante unha operación de leasing e por lotes dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e un camión dispensador de grava para o parque móbil municipal.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adaptación á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto nos artigos 99 da LCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O prego de cláusulas administrativas particulares redactado por este Servizo trata de solucionar, como se veu facendo en contratacións anteriores, os problemas derivados da parquedade normativa coa que, tanto a lexislación xeral como a LCSP en particular, regulan a complexa figura do arrendamento financeiro ou leasing, e faino articulando un único contrato no que se teñen en conta, tanto no obxecto do contrato como nos criterios de avaliación e adxudicación do contrato, os dous elementos que satisfán a necesidade considerada polo órgano de contratación: a subministración dos vehículos a través de lotes e mediante operación de leasing cunhas especificacións técnicas determinadas, que diversas empresas fabricantes ou comercializadoras poden subministrar, e a forma de pagamento do mesmo mediante unha operación de leasing. Deste xeito selecciónanse simultaneamente o obxecto do contrato, o seu prezo e as condicións da operación de leasing, abrindo ademais a licitación a unha variedade de posibles licitadores (empresas comercializadoras do produto, entidades financeiras en xeral como Bancos e Caixas de aforro, entidades especializadas en arrendamento financeiro ou incluso dúas empresas das sinaladas en UTE).

Terceira.- De conformidade co artigo 270 da LCSP establécese para os lotes 1 e 2 que o pago do prezo se realice mediante a entrega dos vehículos vellos municipais LU-0322-H e LU-3375-G. Cúmprese os requisitos establecidos no dito artigo e a formalización dos contratos correspondentes dará lugar á baixa do inventario dos ditos vehículos así como á súa desafectación

Cuarta. O procedemento de adxudicación elixido é o aberto e suxeito a regulación harmonizada, toda vez o valor estimado da suma dos tres lotes supera os umbrais previstos no artigo 15 da LCSP. No prego de cláusulas administrativas particulares determínanse os criterios e aspectos económicos e técnicos que serán obxecto de

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASLFALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

valoración, os cales respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos pola LCSP.

Faise constar que a partir do vindeiro 16 de decembro de 2011 entra en vigor o Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLSCSP) de modo que se este expediente se iniciara con posterioridade á entrada en vigor, tódalas referencias á Lei de Contratos do Sector Público deberán entenderse que é o TRLSCSP.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda apartado 3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E DUN CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCEIRO (OPERACIÓN DE LEASING)

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e a memoria técnica reguladora das características mínimas que deben cumprir os vehículos, e que rexerán na licitación sinalada no parágrafo anterior, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación e literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS MEDIANTE LOTES DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E DUN CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto deste contrato é a subministración - mediante lotes - dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e dun camión dispensador de grava para o parque móbil municipal mediante unha operación de arrendamento financeiro (leasing) coas

características sinaladas na memoria técnica redactada polo Xefe do Parque Móbil Municipal.

As necesidades administrativas a satisfacer mediante esta contratación é a renovación da flota de vehículos do parque móbil municipal.

CNAE 2009: 64.91 Arrendamento financeiro

CPV: 66114000-2 83) Servizos de arrendamento financeiro.

Este contrato consta de DOUS LOTES, podendo presentarse ofertas a cada un deles ou á totalidade do contrato:

Lote 1: Alugamento (mediante leasing) dun CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA

As empresas subministradoras que liciten a este Lote 1 deberán recoller o vehículo municipal matrícula LU-0322-H por un importe non inferior a 6.000 euros (exento de IVE ou non suxeito)

Lote 2: Alugamento(mediante leasing) dun CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA

As empresas subministradoras que liciten a este Lote 2 deberán recoller o vehículo actual matrícula LU-3375-G por un importe non inferior a 6.000 euros (exento de IVE ou non suxeito)

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO

Trátase dun contrato de subministracións, recollido e regulado nos artigos 9 e 266 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público e que ten por obxecto o alugamento financeiro (mediante operación de leasing) dun camión con cisterna de emulsión asfáltica e dun camión dispensador de grava para o parque móbil municipal coas características sinaladas na memoria técnica redactada polo Xefe do Parque Móbil Municipal.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da

lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto no presente prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO

3.1.- O valor estimado do contrato para a totalidade DOUS lotes (que inclúe para cada lote 47 cotas e unha última de valor residual) é de 255.217,05 euros (importe sen IVE), incluído os gastos financeiros.

O orzamento total de cada lote é o seguinte:

LOTE 1: CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA: 165.418,46 euros (incluíndo neste importe a recuperación do custo e a carga financeira) e que sumado o IVE 18% (29.775,32 euros) ascende a 195.193,78 euros

LOTE 2: CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA: 89.798,59 euros (incluíndo neste importe a recuperación do custo e a carga financeira) e que sumado o IVE 18% (16.163,75 euros) ascende a 105.962,34 euros

O valor máximo actual dos vehículos a subministrar ascende a:

LOTE 1: CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA: 175.000 euros (IVE 18%) incluído.

LOTE 2: CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA: 95.000 euros (IVE 18%) incluído

Non obstante, o prezo do contrato será o ofertado polos licitadores nas súas propostas.

O sistema de pago establécese mediante unha operación de leasing coas seguintes condicións iniciais básicas:

- **Tipo de interese: Euribor anual máis un diferencial máximo del 3,75 % sen redondeo.**

- Revisión: anual.

- Taxa anual equivalente: calcularase e amosarase a TAE da operación ó día da publicación do anuncio de licitación no B.O.P.

- Prazo de amortización: 4 anos.

- Liquidación: Mensuais (47 cotas e unha última cota corresponde ó valor residual polo exercizo da opción de compra).

- Comisións: Exenta, incluídas as de cancelación anticipada.

- Impostos indirectos: as cotas resultantes ofertaranse netas de impostos sen perxuízo de que ás mesmas deban engadirse os impostos indirectos que corresponda aplicar, que figurarán na oferta de forma separada.

- Cota de pago: especificarase a cota de pago mensual que corresponderá aboar ó Concello.

- Valor residual: a oferta amosará con claridade o valor residual dos equipos e sistemas a adquirir ó remate do prazo de duración da operación, impostos incluídos. Estas condicións poderán ser melloradas polos licitadores, os cales poderán concretar na súa oferta outras condicións, sempre que non contradigan o sinalado neste prego. Faise constar a existencia de crédito presupostario na partida 92005.35800 do vixente Orzamento municipal de 2011 por importe de 3.686,43 euros e na partida 92005.64800 por importe de 15.135,83 (estimación de gasto de tres meses) , comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos Orzamentos 2012 a 2015.

En virtude do artigo 174 do TRLHL, a autorización ou realización dos gastos relativos á anualidade 2011 subordínase ó crédito que para cada exercizo autorice o respectivo Orzamento

De conformidade co artigo 77 da LCSP non procederá a revisión de prezos.

CUARTA.- DURACIÓN DO CONTRATO. PRAZOS DE ENTREGA.

A duración do contrato será de tres anos e once meses transcorrido o cal o Concello de Lugo poderá exercitar a opción de compra mediante o pagamento da última cota (48) correspondente ó valor residual.

Os prazos de entrega dos vehículos serán para cada un dos lotes de 90 DÍAS NATURAIS como máximo contados dende a data de formalización do contrato administrativo sen prexuízo da redución do prazo ofertado polo licitador que resulte adxudicatario.

QUINTA.- PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

5.1.- O presente contrato adxudicarase polo **procedemento aberto e suxeito a regulación harmonizada**, previsto e regulado polos artigos 141 e seguintes da LCSP.

5.2.- Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estén incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Poderán concorrer a esta licitación en concreto:

1.- Empresas comercializadoras de vehículos co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de acordo coas condicións establecidas neste prego.

2.- Entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que este seleccione de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de condicións técnicas.

3.-Empresas comercializadoras de vehículos co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que acompañe na súa oferta de acordo coas condicións establecidas neste prego.

4.- Entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que acompañe na súa oferta de acordo coas condicións establecidas neste prego e no de condicións técnicas.

5.- Empresas de fabricación e/ou comercialización de vehículos que comercialicen os mesmos mediante operacións propias de leasing.

6.- Unións temporais de empresarios que se constituán ó efecto deste contrato, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se efectuara a adxudicación ó seu favor, nos termos dos apartados anteriores

Os devanditos empresarios quedarán obrigados solidariamente ante a Administración e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen perxuízo da existencia de poderes mancomunados que podan outorgar.

Cada un dos empresarios que compoñan a unión acreditarán a súa capacidade conforme ó establecido nesta cláusula.

SEXTA.- CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA.

A) Criterios de solvencia económica e financeira

A xustificación da solvencia económica e financeira do empresario subministrador poderá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán aportar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.

c) Declaración sobre o volume global de negocios e, no seu caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercizos dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

As entidades financeiras que concorran a esta licitación deberán presentar unha declaración global relativa ás operacións de leasing realizadas nos últimos tres anos.

B) Criterios de solvencia técnica (só para as empresas subministradoras)

A solvencia técnica das empresas poderá ser acreditada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación das principais subministracións realizadas nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, dos mesmos. As subministracións efectuadas acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeto privado, mediante un certificado expedido por éste, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Control efectuado pola entidade do sector público contratante ou, en nome deste, por un organismo oficial competente do Estado no que esté establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo, cando os produtos a subministrar sexan complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin particular. O control versará sobre a capacidade de produción do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Mostras, descricións e fotografías dos produtos a subministrar, cuxa autenticidade poda certificarse a petición da entidade do sector público contratante.
- f) Certificados expedidos polos institutos ou servizos oficiais encargados do control de calidade, de competencia recoñecida, que acrediten a conformidade de produtos perfectamente detallada mediante referencias a determinadas especificacións ou normas.

Asimesmo e de conformidade **co artigo 53 da LCSP esixese das empresas subministradoras dos vehículos para ámbolos dous lotes o compromiso de dispoñer para a execución do contrato dun servizo de asistencia técnica post-venta que cubra as necesidades de asistencia e dispoñibilidade de repostos dentro do termo municipal de Lugo ou nos municipios lindeiros**

SÉTIMA.- GARANTÍAS

Dada a natureza do contrato e as características dos posibles licitadores non se establecen garantías provisional nin definitiva para a contratación que regula este prego, de acordo co previsto nos artigos 83 e 91 da LCSP. Todo isto sen perxuízo

das garantías e asistencia técnica que deberán ofertar as empresas subministradoras segundo o previsto no apartado sétimo da memoria técnica.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS.

O Concello de Lugo publicará anuncios de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado e no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)

Tendo en conta que os anuncios se prepararán e enviarán por medios electrónicos e que se ofrecerá acceso por medios electrónicos ós pregos e á documentación complementaria, de conformidade co establecido no artigo 143 da LCSP, o prazo de presentación de proposicións será de **corenta días naturais** contados dende a data do envío do anuncio do contrato á Comisión Europea.

NOVENA.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

1.- Os licitadores deberán presentar as súas proposicións no Rexistro Xeral do Concello de Lugo, sito no Centro de Servizos Municipais da Ronda da Muralla, número 197- 27002- Lugo, dentro do prazo sinalado na cláusula anterior en TRES sobres pechados, que poderán estar lacrados, cada un deles coa documentación que se especifica nesta cláusula.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario de 9 a 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidirá en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil.

Tamén poderán ser enviados por correo certificado, a través do Servizo de Correos. Cando a documentación se envíe por este medio, deberá xustificar, no mesmo día da presentación, a data e hora da imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama. Sen o cumprimento destes requisitos non será admitida a documentación, se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez días sen terse recibido a documentación, esta non será admitida en ningún caso.

2.- FORMA DE PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

A documentación para o presente procedemento presentarase en tres sobres pechados, identificados, no seu exterior, coa indicación do lote ou lotes ó que concorrán e asinados polo licitador ou persoa que o representa e a indicación do nome da empresa. No interior da cada sobre farase constar en forma independente o seu contido, enunciado e ordenado numericamente.

Cada licitador non poderá presentar mais dunha proposición na que incluíra un ou varios modelos de vehículos coas características indicadas na memoria técnica. Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros se o

fai individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal. A contravención destas normas dará lugar á inadmisión das propostas por el subscritas.

Con independencia do anterior, os licitadores poderán presentar as seguintes variantes ou alternativas dentro da súa única proposición:

- As empresas comercializadoras de vehículos poderán presentar unicamente oferta relativa a este (incluíndo un ou varios modelos) co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de acordo coas condicións establecidas neste prego ou, alternativa ou conxuntamente, co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que acompañe na súa oferta.

- As entidades financeiras en xeral, como Bancos ou Caixas de Aforro ou entidades especializadas en arrendamento financeiro poderán presentar oferta relativa ás condicións económicas da operación de leasing co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que este seleccione ou, alternativa ou conxuntamente, co compromiso de adquirir para o Concello o vehículo que acompañe na súa oferta (podendo acompañar un ou varios modelos).

DÉCIMA.- DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA.

O **sobre denominado A, documentación administrativa**, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas e , para as empresas subministradoras, o compromiso de dispoñibilidade segundo o establecido na cláusula sexta deste prego de cláusulas administrativas

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASLFALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

polas disposicións vixentes, sen perxuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería xeral da Seguridade Social.

- Presentación da alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola xefa do negociado de rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o Espazo Económico Europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do acordo sobre contratación pública da organización mundial do comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B ou C no sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición

O sobre B (só para as empresas que oferten a subministración)

Neste sobre incluírase a oferta realizada con base nos **critérios de valoración non avaliábles automaticamente**, é dicir a documentación ou memoria asinada pola

empresa licitadora comprensiva das prestacións técnicas e de equipamento dos vehículos que mellore e supere as características técnicas mínimas esixidas , a proposta de servizo técnico e de mantemento así como outras melloras – distintas das anteriores- que oferte o licitador.

O sobre “B” non poderá conter información que permita coñecer a oferta económica dos licitadores nin determinar a puntuación que estes acadarían en base ós criterios do Sobre “C”

O incumprimento de esta condición, dará lugar a exclusión automática do procedemento de adxudicación.

O sobre C conterá o modelo que se indica a continuación e ademais e **exclusivamente** o resto de documentación necesaria para a valoración dos **criterios avaliados automaticamente**. O modelo, cumprimentando en todo caso o encabezamento e os apartados 1º e 2º e en canto ó apartado 3º, cumprimentarase o 3 A ou o 3 B en función das posibles variantes da súa oferta previstas neste prego, ou 3 C no caso das empresas de fabricación e/ou comercialización de vehículos que comercialicen os mesmos mediante operación de leasing.

Don....., maior de idade, con DNI n.º en representación decon enderezo a efectos de notificación en, tendo coñecemento do procedemento convocado polo Excmo. Concello de Lugo para a **CONTRATACIÓN CONVOCADA PARA AS SUBMINISTRACIÓNS DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA E DUN CAMIÓN DISPENSADOR DE GRAVA PARA O PARQUE MÓBIL MUNICIPAL MEDIANTE ALUGAMENTO FINANCIERO (OPERACIÓN DE LEASING)-** “fai constar:

1º.- Que cumpre todas e cada unha das condicións esixidas nos pregos de cláusulas económico-administrativas e na memoria técnica para a adxudicación do contrato.

2º.- Que acepta plenamente tódalas cláusulas dos pregos de cláusulas económico-administrativas e da memoria técnica que rexen este contrato e tódalas demais obrigas que se deriven do mesmo no caso de resultar adxudicatario.

3º.- Que se compromete a tomar ó seu cargo a contrata nas seguintes condicións:

3.A.- O prezo ofertado para a subministración do vehículo é: *(Indicar sóamente o /os lote/s ó que licita)

Lote 1: euros aos que se engadiráeuros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

Lote 2: euros aos que se engadiráeuros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente á cesión dos meus dereitos de cobro á entidade financeira seleccionada polo Concello de Lugo de acordo coas condicións establecidas neste prego.

*No caso de presentar oferta propia de leasing:

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASFLALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente a cesión dos meus dereitos de cobro a(entidade financeira) nas seguintes condicións :

Tipo de interés: euribor a un ano + puntos

Valor residual: ...euros aos que se engadirá...euros en concepto de IVE.

A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiación que incluírá cota mensual neta, impostos, carga finaniera, recuperacion de custo e capital pendente.

Lugo, data e sinatura

3.B.- As condicións da operación de leasing ofertada para a subministración do vehículo/s..... (indicar o lote ou lotes ó que concorre) son as que se relacionan a continuación:

Tipo de interés: euribor a un ano + puntos

Valor residual: ...euros aos que se engadirá...euros en concepto de IVE.

** A esta oferta acompañarase como anexo o cadro de financiación que incluírá cota mensual neta, impostos, carga finaniera, recuperacion de custo e capital pendente.*

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente a adquirir para o Concello de Lugo o/os vehículo/s obxecto deste procedemento de licitación que resulte seleccionado de acordo coas condicións establecidas neste prego.

*No caso de presentar ofertas de vehículo:

No suposto de resultar adxudicatario comprométome expresamente á adquisición dos vehículo obxecto deste procedemento polos seguintes importe:

Lote 1: :..... euros aos que se engadirá ...euros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

Lote 2: :..... euros aos que se engadirá ...euros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

Lugo, data e sinatura

3.C.-O prezo ofertado para a subministración do vehículo será:

*(Indicar sóamente ó lote ó que licita)

Lote 1: :..... euros aos que se engadirá ...euros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

Lote 2: :..... euros aos que se engadirá ...euros en concepto de IVE (18%) sendo a suma total de ... euros

As condicións da operación de leasing propias ofertadas para dita subministración son as seguintes, segundo o establecido na cláusula 3ª deste prego: (relacionar as condicións)

Lugo, data e sinatura

Asimesmo e dentro do sobre C deberán achegar:

A oferta de redución de prazo de entrega, se o estiman oportuno, e o importe ofertado pola adquisición dos vehículos vellos municipais.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTE: O Excmo. Sr. Alcalde do Concello de Lugo

VOCAIS:

- A Concelleira de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da asesoría xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto público de apertura dos sobres B celebrarase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B, convocarase ós licitadores a un acto público de lectura do informe de valoración e apertura da documentación incluída nos sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

Os criterios de adxudicación do contrato serán os seguintes:

A.- CRITERIOS PARA A SUBMINISTRACIÓN

Para aqueles licitadores que presenten como única oferta ou como variante exclusivamente o/os vehículos, co compromiso de cesión dos seus dereitos de cobro á entidade financeira que seleccione o Concello, serán obxecto de valoración os seguintes aspectos:

A.1.- Criterios avaliados automaticamente para cada un dos lotes:

-Menor prezo do/s vehículo/s a subministrar: ata 20 puntos.

As ofertas que igualen o prezo de licitación para cada lote serán valoradas con 0 puntos, as que oferten o prezo máis baixo con 20 puntos e as restantes de modo proporcional.

-Maior prezo ofertado pola entrega do vehículo vello municipal LU-0322-H (no caso de licitar ó LOTE 1) e do vehículo vello municipal LU-3375 –G (no caso de licitar ó LOTE 2) : ata 20 puntos

Os que oferten maior prezo polo/s vehículo/s serán valoradas con 20 puntos, as que oferten 6.000 euros obterán 0 puntos e as restantes de modo proporcional

- Menor prazo de entrega (a oferta de prazo de entrega realizárase en días naturais) : ata 15 puntos

Os que oferten o menor prazo de entrega serán valorados con 15 puntos, os que non oferten redución do prazo con 0 puntos, e o resto de modo proporcional.

A.2.- Criterios non avaliábelos automaticamente para cada lote

-Mellores prestacións técnicas e de equipamento: ata 20 puntos.

Neste apartado valorárase exclusivamente as prestacións técnicas e de equipamento ofertadas para cada lote que melloren e superen as características mínimas esixidas no prego de prescricións técnicas. Os que presenten as mellores prestacións técnicas e de equipamento obterán 20 puntos, os que non oferten melloras por este apartado obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal.

- Servizo técnico e de mantemento: ata 15 puntos

Neste apartado valorárase exclusivamente o servizo técnico e de mantemento ofertadas para cada lote que supere o esixido no prego técnico. Os que presenten o mellor servizo técnico e de mantemento obterán 20 puntos, os que non oferten este servizo obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal.

- Outras melloras que propoña o licitador: ata 10 puntos.

Neste apartado valorárase aquelas melloras que non se encadren nos apartados anteriores e que estean relacionadas co obxecto do contrato de xeito que melloren no seu conxunto a oferta presentada. Os que oferten melloras a maiores obterán 20 puntos, os que non oferten melloras por este apartado obterán 0 puntos e as demais serán valoradas e puntuadas conforme o criterio motivado dun técnico municipal.

Para a valoración dos criterios non avaliábelos automaticamente que se relacionan anteriormente as empresas licitadoras deberán achegar unha memoria descriptiva e explicativa separadamente para cada un dos tres apartados que se valoran, de xeito que facilite o estudo desta sen prexuízo de presentación, a maiores, de dossieres fotográficos, catálogos , etc... que permitan unha maior comprensión da oferta.

B.- PARA O LEASING .

Para aqueles licitadores que presenten como única oferta ou variante exclusivamente condicións económicas para a operación de leasing, será obxecto de valoración o **tipo de interese** presentado polos licitadores.

A oferta que presente un tipo de interese máis vantaxoso obterá a máxima puntuación, a oferta que presente o interese tipo (Euribor anual máis un diferencial

máximo del 3,75 % sen redondeo) obterá 0 puntos e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

C.- Para aquelas empresas que presenten como única opción ou como variante o vehículo acompañado de condicións de leasing, propias ou dunha entidade financeira (ou viceversa) aplicarase **os anteriores criterios de forma conxunta.**

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN

A adxudicación do contrato será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

De non cumpríntase axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación do contrato, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do contrato.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

A formalización do contrato en documento administrativo non poderá efectuarse antes de que transcorran quince días hábiles dende que se remita a notificación da adxudicación ós licitadores e candidatos. O órgano competente requirirá ó adxudicatario para que formalice o contrato no prazo non superior a cinco días contados dende o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo anterior sen interpoñerse o recurso que leve aparellada a suspensión da formalización do contrato.

No caso de que o contrato fora adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que, se é o caso houbera esixido.

Previamente á formalización do contrato o adxudicatario deberá achegar o xustificante de aboamento dos gastos dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato.

DECIMO QUINTA.- RECEPCIÓN E PAGAMENTO

- O/Os contratista/s esta obrigado a entregar e poñer a disposición do Excmo.Concello de Lugo o vehículo obxecto deste contrato no prazo indicado na cláusula cuarta deste prego ou se é o caso o ofertado, nas dependencias municipais do Parque Móbil. Os gastos de entrega e transporte ata os lugares indicados serán por conta do contratista.

- Unha vez formalizado o contrato o contratista, fará efectivo o importe ofertado pola adquisición do vehículo vello municipal para o cal disporá dun prazo de cinco días hábiles sendo os gastos de transferencia do vehículo así como as xestións necesarias para esto de conta do contratista.

- O vehículo será recibido polo Xefe do Parque Móbil Municipal; se este non se atopa en estado de ser recibido farase constar así na acta de recepción dando as instrucións precisas ó contratista para que amañe os defectos observados ou proceda a unha nova subministración axustada ó contratado.

- O Concello aboará o prezo total do arrendamento mediante CORENTA E SETE COTAS mensuais do importe resultante da oferta que resulte adxudicataria do contrato. Estas cotas serán xiradas polo arrendador á conta da que é titular o Concello dentro dos dez primeiros días de cada mes. Finalmente xirarase a derradeira cota co núm 48 que corresponderá ó valor residual do vehículo para o caso no que o Concello opte por facer efectiva a opción de compra. A decisión de exercer a opción de compra corresponderalle ó órgano de contratación, previo informe técnico do Xefe do Parque Móbil municipal.

DECIMO SEXTA.- DEREITOS E OBRIGAS DAS PARTES

1.- O/s adxudicatario/s virán obrigado/s a asumir os gastos e impostos derivados da formalización dos contratos (300 euros aprox.) e as taxas que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes na forma e contía que estas sinalen.

2.- O/s adxudicatario/s virá/n obrigado/s ó pagamento de todo xénero de tributos estatais, locais e autonómicos, e a solicitar a concesión das autorizacións e licencias que lle fosen necesarias das AA.PP. ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que ocasionen.

3.- A sociedade arrendadora, propietaria do/s vehículo/s, cede o seu uso ó arrendatario polo período de 47 meses con carácter irrevogable . Ó remate deste prazo, o arrendatario ven obrigado a súa restitución salvo que exercite a opción de compra que se lle recoñece no seguinte apartado.

4.- A sociedade arrendadora constitúe a favor do arrendatario opción de compra dos vehículos que poderá exercitarse ó remate do período de cesión de uso pagando como prezo da compravenda a cantidade fixada como valor residual na oferta adxudicataria. Para exercitarse a opción de compra, o arrendatario deberá estar ó corrente no pagos das obrigas asumidas no presente contrato .

5.- A sociedade arrendadora, na súa condición de compradora do material subroga expresamente ó arrendatario en cantos dereitos e accións lle correspondan fronte ó subministrador do vehículo obxecto do presente contrato.

6. Dadas a natureza e condicións do contrato, o mesmo deberá ser executado directamente polo adxudicatario, non sendo posible a subcontratación.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS.

- O adxudicatario estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria así como as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA.- GARANTÍAS E ASISTENCIA TÉCNICA

O prazo de garantía do vehículo e os seus accesorios contra todo defecto de fabricación será de 24 meses como mínimo contados a partir da entrega do mesmo, sen prexuízo das ofertas presentadas polos licitadores.

DECIMO NOVENA.- PENALIDADES POR DEMORA

O subministrador seleccionado queda obrigado ó cumprimento do prazo de execución do contrato establecido nestes pregos ou no ofertado, se é o caso.

Se chegado o remate do prazo fixado, o subministrador incorrera en demora por causas imputables ó mesmo, o Concello poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas.

Por cada día de retraso na entrega, por causas imputable ó contratista, imponse unha penalidade diaria en proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo ofertado polo vehículo (IVE incluído)

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO.

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das condicións técnicas deste prego ou das condicións ofertadas así como polo incumprimento do prazo de entrega.

Asimesmo poderásese resolver o contrato polo incumprimento do prazo de entrega así como pola falta de pagamento do importe ofertado pola adquisición dos vehículos vellos municipais no prazo establecido.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 275 da LCSP.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS

Contra os actos a que se refire o artigo 310.2 da LCSP relativos a este contrato poderásese interpoñerse **recurso administrativo especial en materia de contratación** ante a Xunta de Goberno Local sen que poda interpoñerse recurso administrativo ordinario. A interposición e tramitación deste recurso suxeitarase ó disposto nos artigos 312 a 317 da LCSP e presentarase no prazo de quince días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que se remita a notificación do acto impugnado sen prexuízo do disposto no parágrafo segundo do artigo 134.2.”

B) “MEMORIA TÉCNICA PARA O CONCURSO DE ALUGAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA PARA O SERVIZO DE PARQUE MÓBIL DUN CAMIÓN CON DISPENSADOR DE GRAVA

As características técnicas que debe reunir o camión obxecto desta contratación son a que se indican a continuación:

CHASIS E CABINA

- A distancia ente eixes será de ao redor de 4 m.
- A lonxitude total será de ao redor de 8 m.
- A carrozaría e o chasis serán de alta rixidez.
- A cabina deberá ser sinxela, metálica, dúas portas, dúas prazas, asento para condutor axustable e con suspensión, cintos de seguridade, paredes e teitos gornecidos. Todos os cristais deberán ser de seguridade, e o parabrisas laminado. Estará suspendida elasticamente, será abatible cara a diante, e terá unha inclinación superior aos 50º mediante bomba hidráulica e cilindros de dobre efecto, ha de ir dotada de mecanismo de seguridade tanto en posición levantada coma normal.

INSTRUMENTOS DE CONTROL

- Velocímetro con contaquilómetros total e parcial.
- Contarrevolucións.

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Ref#: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASLFALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

- Indicadores de: nivel de combustible, nivel de aceite, temperatura da auga do radiador, presión de aire de freos.
- Mandos de arranque e parada de motor, luces, limpaparabrisas, avisador acústico de presión de aire de freos, avisador acústico de marcha atrás, avisador óptico e acústico de exceso de temperatura de motor.

EQUIPAMENTO

- Aire acondicionado para o arrefriamento e a calefacción.
- Radio CD.
- Control de cruceiro.
- Elevalunas eléctrico.

MOTOR

- Diésel euro 5 de catro tempos.
- Potencia mínima de 290 CV.
- Par máximo en Kgm. Indíquese, así mesmo, o número de revolucións que alcanza.
- Indíquese a relación de compresión.
- Indíquese a cilindrada.

REFRIXERACIÓN

- Por líquido.

TRANSMISIÓN

- Embrague, tipo e superficie de fricción.
- Caixa de cambios de, polo menos, 16 velocidades

EIXES

- Será de dous eixes e tracción 4 x 2

SUSPENSIÓN

- Será mediante béstas ou pneumática, disporá de barras estabilizadoras, e estará proxectada para non sufrir deformacións permanentes nin no caso de carga constante.

FREOS

- Poderán ser pneumáticos ou hidráulicos con asistencia pneumático, con dobre circuíto independente. Disporán de ABS e regulación automático de freada en función da carga.
- Disporá de intarder ou retarder

DIRECCIÓN

- Será servo asistida.

RODAS E PNEUMÁTICOS

- Características.
- Todos os pneumáticos serán iguais, incluídos os de reposto.

CAIXA BASCULANTE E DISPENSADOR DE GRAVA

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refª: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASLFALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

- A caixa será como mínimo de 4,90 m de longo por 2,50 m de ancho, disporá de dous laterais por cada lado de 70 cm de alto.
- A caixa será de ferro, con piso de, polo menos, 4 mm de espesor.
- Dispoñerá dunha botella de elevación na parte dianteira, cromada e unha capacidade de elevación de 14 t.
- O dispensador de grava terá un ancho variable de traballo, cun máximo de 2,5 m, como mínimo. Terá 36 canles de distribución con 10 comportas e portaoperarios homologado con barras de seguridade.

REMATADO EXTERIOR

- O camión ha de rotularse co anagrama identificador do Concello de Lugo, nos laterais e na parte frontal, de acordo coas directrices do Parque Móbil Municipal.

ACCESORIOS

- Xogo de lámpadas de reposto, alfombras, triángulos de sinalización, chaleco reflector e extintor (polivalente) de 3 Kg, instalado na cabina.

DOCUMENTOS TÉCNICOS

- Deberá acompañarse memoria descritiva de todas as partes do camión e das súas características, así como todas aquelas peculiaridades que o licitador considere interesante resaltar para a mellor comprensión da oferta.
- Planos, fotografías ou catálogos cos detalles necesarios para dar idea de todas as características do camión e dispensador de grava.
- Cantos documentos contribúan, en xeral, a un mellor coñecemento da máquina, facendo especial fincapé na asistencia posvenda.

PRAZO DE ENTREGA E LUGAR

- Máximo de 90 días naturais dende a data de FORMALIZACIÓN, con todos os requisitos legais establecidos.
- O vehículo entregarase no Parque Móbil do Concello de Lugo.

GARANTÍA

- Mínimo de 24 meses, contra todo defecto de fabricación tanto do vehículo como a caixa basculante e dispensador de grava en pezas e man de obra.

ASISTENCIA TÉCNICA POSVENDA

- O licitador ha de comprometerse a dispoñer na cidade de Lugo ou municipios limdeiros dun servizo de asistencia técnica posvenda, que cubra as necesidades de asistencia e dispoñibilidade de repostos.

LEGALIZACIÓNS

- O vehículo entregarase oportunamente legalizado (ITV, etc.) e matriculado, incluídas reformas, e os gastos que isto poida comportar serán por conta do licitador.

IMPORTE DE LICITACIÓN

- Máximo de 95.000 €, que serán pagados polo sistema LEASING, en 48 mensualidades incluídas a cota residual (gastos financeiros non incluídos). Os licitadores poderán presentar a súa propia oferta de LEASING, se ben esta entidade resérvase o dereito de negocialo por si mesma en caso de ser do seu interese.
- O licitador que resulte adxudicatario deste concurso ha de recoller o vehículo vello para substituír, LU-3375-G, por un importe non inferior a 6.000 €, IVE incluído, que fará efectivo a esta entidade no momento da sinatura do contrato, sendo os gastos de transferencia do vehículo vello por conta do licitador.

CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN

- Mellor oferta económica.....20 puntos
- Mellor valoración vehículo vello.....20 puntos
- Melloras prestacións técnicas e de equipamento (neste parágrafo, valoraranse exclusivamente as prestacións técnicas e de equipamento ofertadas para o equipo que melloren e superen as características mínimas esixidas no prego de condicións técnicas; os que non oferten melloras obterán 0 puntos neste parágrafo).20 puntos
- Servizo técnico e de mantemento (neste parágrafo valorarase exclusivamente o servizo técnico e de mantemento ofertado para cada equipo, que supere o esixido no prego de condicións).....15 puntos
- Menor prazo de entrega.....15 puntos
- Outras melloras que propoña o licitador.....10 puntos

MEMORIA TÉCNICA PARA O CONCURSO DE ALUGAMENTO CON OPCIÓN DE COMPRA PARA O SERVIZO DO PARQUE MÓBIL DUN CAMIÓN CON CISTERNA DE EMULSIÓN ASFÁLTICA

As características técnicas que debe reunir o camión obxecto desta contratación son as que se indican a continuación:

CHASIS E CABINA

- A distancia ente eixes será de ao redor de 4 m.
- A lonxitude total será de ao redor de 8 m.
- A carrozaría e o chasis serán de alta rixidez.
- A cabina deberá ser sinxela, metálica, ter dúas portas, dúas prazas, asento para condutor axustable e con suspensión, cintos de seguridade, paredes e teitos gornecidos. Todos os cristais deberán ser de seguridade, e o parabrisas laminado. Estará suspendida elasticamente, será abatible cara a diante e terá unha inclinación superior aos 50º mediante bomba hidráulica e cilindros de dobre efecto, ha de ir dotada de mecanismo de seguridade tanto en posición levantada como normal.

INSTRUMENTOS DE CONTROL

- Velocímetro, con contaquilómetros total e parcial.
- Contarrevolucións
- Indicadores de: nivel de combustible, nivel de aceite, temperatura da auga do radiador, presión de aire de freos.
- Mandos de arranque e parada de motor, luces, limpaparabrisas, avisador acústico de presión de aire de freos, avisador acústico de marcha atrás, avisador óptico e acústico de exceso de temperatura de motor.

EQUIPAMENTO

- Aire acondicionado para o arrefriamento e a calefacción.
- Radio CD.
- Control de cruceiro.
- Elevelunas eléctrico.

MOTOR

- Diésel euro 5 de catro tempos.
- Potencia mínima de 290 CV.
- Par máximo en Kgm. Indíquese, así mesmo, o número de revolucións que alcanza.
- Indíquese relación de compresión.
- Indíquese a cilindrada.

REFRIGERACIÓN

- Por líquido

TRANSMISIÓN

- Embrague, tipo e superficie de fricción.
- Caixa de cambios de, polo menos, 16 velocidades.

EIXES

- Será de dous eixes e tracción 4 x 2.

SUSPENSIÓN

- Será mediante béstas ou pneumática, disporá de barras estabilizadoras e estará proxectada para non sufrir deformacións permanentes nin no caso de carga constante.

FREOS

- Poderán ser pneumáticos ou hidráulicos con asistencia pneumática, con dobre circuito independente. Disporán de ABS e regulación automática de freada en función da carga.
- Disporá de intarder ou retarder.

DIRECCIÓN

- Será servo asistida.

RODAS E PNEUMÁTICOS

- Características

- Todos os pneumáticos serán iguais, incluídos os de reposto.

CISTERNA DE REGA

- Cisterna calorifugada automática con rampla de rega homologada segundo norma Europea ADR, montada sobre chasis-cabina do camión, con control de estendido dende cabina e plataforma.
- Capacidade útil 8.000 litros, boca de home para enchedura e inspeccións, con peche rápido, dique, illante térmico, termómetro, equipo calefactor, indicador de nivel, etc.
- Lanza de rega (funcionamento tanto con motor embragado como desembragado) de, polo menos, 5 m de manguera, control de rega e soporte xiratorio en plataforma.
- Extintor de 12 Kg en chasis exterior.
- Rampla de rega de 0 a 5 m de ancho de traballo, con desprazamento lateral e vertical de, polo menos, 45 difusores.

REMATADO EXTERIOR

- O camión ha de rotularse co anagrama identificador do Concello de Lugo, nos laterais e na parte frontal, de acordo coas directrices do Parque Móbil Municipal.

ACCESORIOS

- Xogo de lámpadas de reposto, alfombras, triángulos de sinalización, chaleco reflector e extintor (polivalente) de 3 Kg instalado en cabina.

DOCUMENTOS TÉCNICOS

- Deberá acompañarse memoria descritiva de todas as partes do camión e das súas características, así como todas aquelas peculiaridades que o licitador considere interesante resaltar para a mellor comprensión da oferta.
- Planos, fotografías ou catálogos cos detalles necesarios para dar idea de todas as características do camión.
- Cantos documentos contribúan en xeral a un mellor coñecemento da máquina, facendo especial fincapé na asistencia posvenda.

PRAZO DE ENTREGA E LUGAR

- Máximo de 90 días naturais dende a data de FORMALIZACIÓN con todos os requisitos legais establecidos.
- O vehículo entregarase no Parque Móbil do Concello de Lugo.

GARANTÍA

- Mínimo de 24 meses, contra todo defecto de fabricación tanto do vehículo como a cisterna, en pezas e man de obra.

ASISTENCIA TÉCNICA POSVENDA

- O licitador ha de comprometerse a dispoñer no municipio de Lugo ou municipios lindeiros dun servizo de asistencia técnica posvenda, que cubra as necesidades de asistencia e dispoñibilidade de repostos.

LEGALIZACIÓNS

- O vehículo entregarase oportunamente legalizado (ITV, etc.) e matriculado, incluídas reformas. Os gastos que isto poida comportar será por conta do licitador.

IMPORTE DE LICITACIÓN

- Máximo de 175.000 €, que serán pagados polo sistema LEASING, en 48 mensualidades incluídas a cota residual (gastos financeiros non incluídos). Os licitadores poderán presentar a súa propia oferta de LEASING, se ben esta entidade resérvase o dereito de negocialo por si mesma en caso de ser do seu interese.
- O licitador que resulte adxudicatario deste concurso ha de recoller o vehículo vello para substituír, LU-0322-H, por un importe non inferior a 6.000 €, IVE incluído, que fará efectivo a esta entidade no momento da sinatura do contrato, e os gastos de transferencia do vehículo vello serán por conta do licitador.

CRITERIOS BASE PARA A ADXUDICACIÓN

- Mellor oferta económica.....20 puntos
- Mellor valoración vehículo vello.....20 puntos
- Melloras prestacións técnicas e de equipamento (neste parágrafo, valoraranse exclusivamente as prestacións técnicas e de equipamento ofertadas para o equipo, que melloren e superen as características mínimas esixidas no prego de condicións técnicas; os que non oferten melloras obterán 0 puntos neste parágrafo).20 puntos
- Servizo técnico e de mantemento (neste parágrafo valorarase exclusivamente o servizo técnico e de mantemento ofertado para cada equipo, que supere o esixido no prego de condicións).....15 puntos
- Menor prazo de entrega.....15 puntos
- Outras melloras que propoña o licitador.....10 puntos”

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 3.686,43 euros con cargo á aplicación 92005.35800 e un gasto de 15.135,83 euros con cargo á aplicación 92005.64800, comprometéndose a incluír as anualidades correspondentes nos Orzamentos 2012 a 2015.

CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.

ACTAS E GOBERNO

JACA/mbfc

Refº: LESING_CAMION_GRAVILLERO_E_OUTRO_EMULSION_ASLFALTICA.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 21-12-2011

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Diario Oficial da Unión Europea, Boletín Oficial do Estado, Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.